

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XERENCIA DE SANTIAGO PON EN MARCHA UN NOVO SISTEMA DE AVISO MEDIANTE SMS PARA OS PACIENTES DO HOSPITAL DE DÍA DE ONCOLOXÍA E HEMATOLOXÍA

- *A nova prestación que ofrece a plataforma LEMBRA comezou onte co obxectivo de darlle máis autonomía aos doentes e reducir demoras nas salas de espera*
- *Enmárcase dentro do plan de humanización da xerencia para mellorar o confort dos doentes*

**Santiago, 13 de xullo de 2019.**- *“Pode acudir á sala de tratamento”* é o SMS que reciben, dende onte, os usuarios dos Hospitais de Día de Oncoloxía e Hematoloxía da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago.

A Xerencia sanitaria compostelá ven de implantar un novo sistema de avisos para os pacientes oncolóxicos que están pendentes de recibir o tratamento no hospital de día. Trátase dunha plataforma de comunicación baseada no envío de SMS que chegan ao teléfono da persoa que o paciente ou os seus achegados designaron, de xeito voluntario, como contacto. O obxectivo desta iniciativa é mellorar a autonomía dos pacientes, sen que teñan que estar fisicamente na sala de espera mentres se preparan as doses de tratamento. Enmárcase dentro do plan de humanización da xerencia para mellorar o confort dos doentes

Os Hospitais de Día de Oncoloxía e Hematoloxía foron concibidos para ofrecer unha asistencia integral, de modo que cada vez que o paciente acode a recibir tratamento se realizan as actuacións asistenciais nunha única visita e nas dependencias do Hospital de Día: a consulta co seu médico (previa extracción de mostras de sangue realizadas, en moitos casos, nos centros de saúde), a prescrición da súa terapia, a preparación individualizada por parte do servizo de farmacia e a administración do tratamento na sala. Isto evita que o paciente realice múltiples desprazamentos ao hospital en diferentes días, pero necesariamente orixina esperas entre estas actuacións asistenciais, imprescindibles para garantir a seguridade do proceso de administración do tratamento .

As mensaxes son enviadas desde o propio ordenador do hospital de día mediante a plataforma **LEMBRA**, polo que a comunicación entre a enfermería e o paciente é directa e inmediata.

Onte, día da súa posta en marcha, recibiu moi boa acollida entre os usuarios.

A Xerencia Sanitario de Santiago estuda estendelo ao resto dos Hospitais de Día.

### Saúdos

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago  
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981950023 / 981 950967

Correo-e: [prensa.santiago@sergas.es](mailto:prensa.santiago@sergas.es)  
Web: <http://xxisantiago.sergas.es/>

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago  
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981950023 / 981 950967

Correo-e: [prensa.santiago@sergas.es](mailto:prensa.santiago@sergas.es)  
Web: <http://xxisantiago.sergas.es/>

---